



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NAS PERRUQUERÍAS

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Identificar ao persoal traballador especialmente sensible e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.



FEBRE

Non ir traballar con febre ou síntomas da COVID-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria e do Servizo de Prevención ante o coronavirus mediante carteis ou paneis informativos.



DESPRAZAMENTO

Os desprazamentos faranse **mellor de forma individual**. No transporte **colectivo precísase o uso de máscara**. Seguir as indicacións das autoridades.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA

Manter 1,5 metros de seguridade tanto entre o persoal traballador como co persoal usuario, nas tarefas que sexa posible.



CITA PREVIA

Atender con cita previa. Adaptar os horarios de apertura e **organizar quendas** no persoal. Indicar horario preferente para maiores de 75 anos.



ESPAZOS REDUCIDOS

Evitar coincidir en espazos reducidos como zonas de descanso e de preparación de produtos.



REORGANIZAR ZONAS

Deixar un posto baleiro entre clientes, nas zonas de tocadores e lavacabezas. Instalar pantallas ou sinalizar o chan.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o **lavado frecuente de mans** e o uso de **solucións hidroalcohólicas** a todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada cliente.



LIMPEZA

Intensificar a limpeza e desinfección de espazos e superficies, en especial as que se tocan máis (mostradores, tocadores, cadeiras, pomos, teclados, teléfonos, TPV, aseos, etc.) e sempre nos cambios de quenda. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esbirramos ou tusimos con máscara, cambiala despois e lavar as mans.



VENTILACIÓN

Ventilar o local como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario. Asegurar a renovación do aire. Se hai sistemas de climatización ou ventilación instalados ademais vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.



MATERIAL DE TRABALLO

Cada estilista terá o seu propio material de traballo que non compartirá e que limpará e desinfectará ao cambiar de cliente. Intentarase **non compartir** tampouco os **produtos** (xampús, xeles, máscaras, etc.) e de facelo, hixienizar o envase.



LUVAS

Usar as **luvas habituais nas distintas tarefas**, sen descoidar a hixiene e cambiándoas despois de cada actividade.



MÁSCARAS

O uso de máscara é obrigatorio en todo momento aínda que se poida garantir a distancia de seguridade.



PRENDAS

Preferiranse os **materiais desbotables** (capas, toallas, etc.) para a clientela. Refugalos en contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable. As **prendas do salón reutilizables** almacenaranse en contedor pechado con bolsa ata o seu lavado que se fará en auga quente (60-90°C).



ROUPA DE TRABALLO

É mellor **non usar a bandoleira** para portar as ferramentas. Utilizarase **roupa de traballo e calzado específico** que non se levará posto fóra do local.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



CLIENTELA

Poñer a disposición da clientela **solucións hidroalcohólicas**, especialmente no acceso. **Retirar** revistas, tablets, catálogos... para evitar a súa manipulación.



PAGO ELECTRÓNICO

Fomentar o pago por **medios electrónicos** (tarxeta, móvil). Se non é posible, ter un recipiente para depositar os cartos.



EVITAR USO DE PAPEL

Non utilizar papel, por exemplo usar programas informáticos para a xestión da axenda.



PROVEDORES

Fixar horarios e condicións para a entrega de produtos e contacto con provedores.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal